

Atención á diversidade

NEAE é o acrónimo de **Necesidades Específicas de Apoyo Educativo**.

Engloba ao alumnado con:

-Necesidades Educativas Especiais (NEE) derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta.

-O alumnado con altas capacidades intelectuais (AACII).

-O alumnado con incorporación tardía no Sistema Educativo Español.

-O alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (DEA).

-O alumnado con condicións persoais ou de historia escolar complexa.



Este *alumnado que require*, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, *unha atención específica*, derivada de diferentes graos e tipos de capacidades persoais de orde físico, psíquico, cognitivo ou sensorial.



ANPA <i>Chan da Ponte</i>	CO ALUMNADO
------------------------------	----------------

de Secundaria

CAMIÑANDO CARA A
INCLUSIÓN DESTE
ALUMNADO

*EDUCACIÓN POR
E PARA TODOS*

Esta comisión de atención á diversidade, está asociada e forma parte da Federación de asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do Concello de Paradanta e Louriña (FANPO).

Qué son as medidas específicas de atención á diversidade?

Son todas aquelas medidas e actuacións dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE, que non obtiveran unha resposta eficaz a través das medidas xerais.

Considéranse medidas específicas de atención á diversidade as diferentes propostas e modificacións nos elementos organizativos e curriculares de tratamento personalizado para que o alumnado con NEAE poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades.

A resposta educativa para atender á diversidade do alumnado componse de medidas, xerais e específicas, e recursos que tamén poden ser xerais e específicos. A combinación de ditas medidas e recursos dará lugar a distintos tipos de atención educativa, distinguíndose entre atención educativa ordinaria e atención educativa diferente á ordinaria.



Para iso, é preciso contar cun sistema de prevención, detección e identificación das necesidades educativas, para poder adoptar a resposta educativa que cada caso requira.

A resposta educativa para atender ás necesidades do colectivo NEAE comprende todas aquelas actuacións que terán en conta a cada un/ha dos alumnos e alumnas susceptibles de ter necesidades educativas,

específicas ou non, especiais ou non e requiran unhas medidas e recursos que lles faga posible acceder e permanecer nun sistema educativo en igualdade de oportunidades.



OBXECTIVO BÁSICO:

**NON DEIXAR A NINGUÉN
FÓRA DA VIDA ESCOLAR**

ALUMNADO CON NECESIDADES

ESPECÍFICAS DE APOIO

EDUCATIVO

ACNEAE

